


CONVENIO ENTRE O CLUB TRIATLÓN SANTIAGO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2017.

Dunha parte, D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Óscar Fernández González, con documento nacional de identidade número 44 813 689-Y, Presidente do CLUB TRIATLÓN SANTIAGO, con domicilio en Santiago de Compostela no Estadio Multiusos de San Lázaro s/n, con CIF G-15630288, co número de Rexistro na Dirección Xeral para o Deporte 5690 e no de Rexistro Municipal de Asociacións co número 280.

Intervenien ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- 
- 
- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "Xeral de Subvencións" e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
 - II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8.10 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
 - III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
 - IV. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, que de acordo co seu artigo 33 alcanzará a cantidade de **doce mil euros (12.000,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria **090 34100 48900**.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO é o club máis representativo a nivel local na modalidade de triatlón e duatlón, dado que está a participar na primeira división nacional do triatlón masculino, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.

- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO compita co seu equipo Elite Absoluto na Liga de Clubs de Primeira División Nacional de Triatlón masculino durante o ano 2017.

2º.- O CLUB TRIATLÓN SANTIAGO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:


2.1 Certificación oficial da Federación Española de Triatlón na que acredite a participación do Club na Liga de Primeira División Nacional de triatlón masculino durante a tempada 2017, así como, certificación dos deportistas e número de licenzas que forman parte do equipo Elite Absoluto.

2.2.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2017 da categoría obxecto de subvención, así como, o xeral da entidade.

2.3.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.


2.4.- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.

2.5. Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.6.- Copia compulsada do CIF da Entidade.

2.7.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure o Club como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

3º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2017 ao CLUB TRIATLÓN SANTIAGO coa cantidade de **12.000,00.-EUROS** con cargo á aplicación orzamentaria **090 34100 48900**, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

Gastos de viaxe (aloxamento e manutención)	12.500,00€
Material deportivo	4.000,00€
Total do orzamento por estes conceptos:	16.500,00€

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado polo CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para citada tempada.

4º.- O CLUB TRIATLÓN SANTIAGO comprométese, en virtude deste convenio á:

4.1.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visíbeis nos recintos deportivos de Santiago nos que o Club celebre os seus campionatos.

4.2.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* no material de competición na parte dianteira, tanto na camiseta de adestramento como na de competición e no chándal de paseo.

4.3.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago nos carnés dos abonados, entradas, publicacións e carteleira en xeral que anuncie as súas actividades.

4.4.- Organizar ao longo da presente tempada unha proba oficial de Triatlón ou Duatlón que se denominará "Cidade de Santiago" asumindo a totalidade dos gastos e responsabilidades que se deriven da mesma. Esta proba contará con todos os permisos e deberá ser debidamente publicitada.

5º.- O pago efectuarase nun único prazo. Para facelo efectivo é condición necesaria que o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **sempre antes do 15 de novembro de 2017**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

5.1.- **Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumpridos os compromisos especificados no punto 4º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes recortes de prensa, fotografías, así como modelos de cartaces, entradas, abonos,, se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

5.2.- **Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas** que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 3º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2017, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 3ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos da entidade para cada

tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Excepcionalmente, só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolinerías, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600,00 euros. Xustificarase mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo de figurar a expresión recibín ou outra análoga.

5.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas públicas ou privadas, solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin no presente ano 2017.

5.4.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas públicas e/ou privadas, solicitadas e/ou concedidas, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron o orzamento de gastos do CLUB TRIATLÓN SANTIAGO na tempada prevista neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no apartado 3º.

5.5.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

5.6.- Coa documentación do segundo prazo, a maiores, deberase presentar a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.1 e 2.3 do presente convenio.

6º.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

7º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

8º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

9º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

10º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES51 2080 0341 1030 4003 8243**.

11º As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o seu regulamento.

12º Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.

13º O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos de Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, segundo o sinalado no seu art. 4.1.c), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 04 de agosto de 2017

Polo CONCELLO DE SANTIAGO



Asdo.: Martín Noriega Sánchez
ALCALDE DE SANTIAGO

Polo CLUB TRIATLÓN SANTIAGO



Asdo.: Oscar Benítez González
CLUB TRIATLÓN SANTIAGO
PRESIDENTE
C.I.F.: G15630288
SANTIAGO DE COMPOSTELA